DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español				
Materia	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01921			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo Fernández Pintelos, María José			
Correo-e	ocampo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia está orientada a un alumnado que se inicia no campo da tradución de textos científicos e técnicos. Preténdese que o alumnado desenvolva a capacidade de traducir profesionalmente este tipo de textos pertencentes a diversos xéneros textuais, ámbitos e graos de especialización. Fomentarase a aplicación das estratexias necesarias para traducir cun grao significativo de autonomía. A direccionalidade do traballo de tradución será directa e inversa. A materia descomponse nun módulo de 27 horas de tradución directa francés > español impartido pola profesora María José Fernández Pintelos e nun módulo de 21 horas de tradución inversa español > francés impartido polo profesor Anxo Fernández Ocampo.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C17	Capacidade de tomar decisións
C22	Destrezas de tradución
C23	Uso de ferramentas de tradución asistida
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir coñecementos sobre as características fundamentais dos xéneros textuais máis relevantes do ámbito científico-técnico.	A1	C4 C26	
Adquirir coñecementos sobre a terminoloxía e a morfosintaxe propias do discurso científico-técnico.	A1 A2	C4 C5	D15 D16
Desenvolver as destrezas de comprensión e expresión oral e escrita			
Desenvolver a capacidade de anticipar e recoñecer no texto de partida aqueles termos,estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realizar a tradución.	A2 A3	C8 C17 C22 C27	D4 D6 D7 D9 D15 D16 D18
Fomentar a capacidade de detectar, analizar e resolver dificultades traductolóxicas e aplicar as estratexias precisas no marco da tradución de textos científico-técnicos.	A4 A5	C5 C8 C17 C22 C23	D4 D6 D7 D9 D15 D16 D18
Coñecer os recursos terminolóxicos e documentais máis utilizados no ámbito da tradución científico-técnica para solucionar as dificultades atopadas durante o proceso tradutivo.	A2 A5	C4 C5 C8 C23	D6 D15

Contidos	
Tema	
1. Introdución ó discurso científico-técnico	1.1. Características do discurso científico-técnico. Diferenciación entre tradución científica e técnica 1.2. Competencias na tradución científico-técnica. Xestión dos coñecementos sobre o campo temático e capacidade para documentarse 1.3. Terminoloxía e fraseoloxía. O termo no texto especializado. Estruturas terminolóxicas 1.4. Xéneros e tipoloxías textuais
2. Recursos e fontes documentais	2.1. Anticipación ás dificultades de comprensión do texto científico-técnico 2.2. Familiarización co campo temático 2.3. Procura de terminoloxía e fraseoloxía específicas 2.4. Ferramentas de documentación para o tradutor científico-técnico: memorias, dicionarios, glosarios, bancos de datos, corpora, tesauros, documentación científico-técnica
3. Práctica da tradución científico-técnica	3.1. Etapas da elaboración dunha tradución científico-técnica. Principais dificultades da tradución científico-técnica 3.2. Tradución de textos científico-técnicos de distintos xéneros textuais: xéneros educativos (manual, artigo de revista divulgativa, entrada de enciclopedia etc.), documentos publicitarios, documentos industriais externos (manual de instrucións, prospecto, descrición técnica, etc.),documentos de investigación (artigo de investigación, resumo de artigo científico etc.) 3.3. Revisión e corrección de traducións científico-técnicas 3.4. Mercado laboral da tradución técnica e científica. Situación e requirimentos profesionais

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	0	4
Traballos de aula	40	0	40
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	24	28
Traballos e proxectos	0	78	78

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión presencial na que se presentan os contidos da materia, a metodoloxía seguida, así como os obxectivos que se pretenden alcanzar e o sistema de avaliación que se utilizará.
Traballos de aula	Traballos tutelados, en grupo ou de forma individual, en condicións controladas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballos de aula	Prestaraselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Probas	**Descrición**
Traballos e proxectos	Prestaraselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Tradución inversa 10% Na primeira semana de decembro de 2016 realizarase unha proba de tradución inversa na aula. A nota desta proba forma parte das cualificacións entre as que se escollen as tres mellores notas, pois calcúlase a nota media do módulo de inversa a partir das tres mellores cualificacións obtidas entre as das tres encomendas e a da proba na aula. Traducción directa 30%. Realizarase unha proba de tradución directa na aula na data que sinale a docente a comezos de curso. As notas de tradución directa e de tradución inversa farán media en caso de que se superen ámbolos dous módulos. De ter algunha das partes suspensas, haberá que presentarse na convocatoria de xullo de 2017 a esa parte, na data establecida polo calendario oficial de exames da Facultade. A nota da parte aprobada conservarase ata a convocatoria de xullo de 2017.	40	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C5 C17 C22 C26 C27	D4 D6 D7 D9 D18
Traballos e proxectos	Tradución inversa 30% A nota media do módulo de tradución inversa, que representa o total de 40% da nota final, elabórase a partir das tres mellores notas dun total de catro cualificacións. Tres das cualificacións proceden de encomendas. A primeira deberase entregar na última semana de setembro, a segunda na primeira semana de novembro e a terceira na segunda semana de decembro de 2016, todas elas via Faitic. A cuarta cualificación procede do exame en aula (véxase o punto de tradución inversa do apartado de Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas). Traducción directa 30 % Dúas encomendas que se desenvolverán nas datas que a docente indique a comezos de curso. Farase nota media das dúas encomendas. Se a nota da segunda encomenda de dierecta supera polo menos en 1 punto á primeira, só se terá en conta a nota da segunda para facer as porcentaxes.	60	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C5 C8 C17 C22 C23 C26 C27	D4 D6 D7 D9 D15 D16 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso nun módulo ou nos dous módulos deberá presentarse ó exame do(s) módulo(s) suspenso(s) á convocatoria da segunda edición de actas en xullo de 2017 na data establecida polo calendario oficial de exames da Facultade.

De ser o caso, a nota do módulo aprobado en avaliación continua conservarase unicamente ata a convocatoria da segunda edición de actas de xullo de 2017.

Primeira edición de actas (xaneiro de 2017)

A parte de tradución directa suporá o 60% da nota final e a parte de tradución inversa suporá o 40% da nota final.

Tradución directa : deberá presentarse a un exame na primeira quincena do mes de xaneiro de 2017 e entregar unha encarga que se dará o mesmo día do exame, e que contará o 50% da nota.

Para a tradución inversa: o alumnado terá que realizar un exame de tradución na aula e na data correspondentes á derradeira sesión da materia en decembro de 2016.

A nota da parte aprobada na primeira edición das actas en xaneiro de 2017 conservarase ata a convocatoria da segunda edición de actas de xullo de 2017.

O alumnado que decida presentarse á proba de avaliación única farao na data fixada polo calendario de exames oficial da FFT.

Segunda edición de actas (xullo de 2017)

A parte de tradución directa suporá o 60% da nota final e a parte de tradución inversa suporá o 40% da nota final.

Tradución directa: o alumnado deberá presentarse a un exame na data establecida e entregar unha encarga que se dará o mesmo día do exame, e que contará o 50% da nota.

Para a tradución inversa: o alumnado terá que realizar un exame de tradución na aula e na data correspondentes ó exame oficial desta materia, segundo o calendario da Facultade.

Para algunha das probas de tradución, o equipo docente poderá fixar un prazo de entrega posterior á data da convocatoria.

Calquera copia ou plaxio será cualificado con 0 (cero), e o traballo non se poderá repetir.

NOTA: Proporanse fórmulas individualizadas para garantir que o alumnado que non poida asistir regularmente ás sesións presenciais teña a oportunidade de cursar a materia en réxime de avaliación continua.

Bibliografía. Fontes de información

Alcina Caudet, A. y S. Gamero Pérez (eds.), **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, 2002,

Cabré, T. y Feliu, J. (eds.), **La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica**, 2001,

De l´Homme, M.-C., **La terminologie : principes et tecnhiques**, 2004,

Gamero Pérez, S., **La traducción de textos técnicos**, 2001,

Gutiérrez Rodilla, B., **La ciencia empieza en la palabra. Análisis e historia del lenguaje científico**, 1998,

Gutiérrez Rodilla, B., **El lenguaje de las ciencias**, 2005,

Gonzalo, C. y V. García (eds.), **Documentación, Terminología y Traducción**, 2002,

Kocourek, R., **La langue française de la technique et de la science**, 1991,

Maillot, J., **La traducción científica y técnica**, 1997,

Martínez de Sousa, J., **Ortografía y ortografía del español actual**, 2004,

Montalt i Resurrecció, V., **Manual de traducció cientificotècnica**, 2005,

Muñoz Torres, C.A., **"Hacia una tipología de géneros médicos inglés-español"**, 2003,

Vivanco Cervero, V., **El español de la ciencia y la tecnología**, 2006,

Nota: completarase a bibliografía en clase e os alumnos deberán tamén consultar os fondos da biblioteca e outras fontes.

A obra de S. Gamero Pérez *La traducción de textos técnicos* considerarase lectura obrigatoria nos termos establecidos na

clase.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

Requírese un nivel de francés C1.